

*ARTIGO 8º. LIQUIDACIÓN*

- Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou nun momento posterior, pero sempre antes de presta-lo servizo ou de realiza-la actividade.
- Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación de servizo ou realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade.
- Se se realiza a prestación do servizo ou actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase tan pronto se detecte a situación, esixíndose o ingreso nos prazos previsto no Regulamento Xeral de Recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

*ARTIGO 9º. INGRESO*

O pagamento desta taxa realizarase ñas contas bancarias que a tal efecto designe o Concello ou, no seu caso, directamente ó persoal encargado da instalación.

*ANEXO CADRO DE TARIFAS*

Tal e como se recolle no Regulamento do Servizo de Pavillón Municipal de Deportes a exacción da taxa farase por franxas horarias de 90 minutos.

<i>Actividade</i>	<i>Importe diurno</i>	<i>Importe nocturno</i>
Deportes individuais	3 €	6 €
Deportes de equipo	10 €	20 €
Maratóns deportivos, por día	150 €	
Actos, exposicións e actividades alleas ó deporte por día	150 €	
Actividades con acceso de pago por día	300 €	

Entenderase por hora nocturna cando se use a instalación con luz artificial.

Entenderase por deportes individuais única e exclusivamente os que se disputan na modalidade de un contra un.

Contra o presente acordo, conforme o artigo 19 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte o de publicación deste anurftio no Boletín Oficial da Provincia.

Ponte Caldelas, 12 de setembro de 2012.—O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños.

2012008791

*A N U N C I O*

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria celebrada o 19 de xullo de 2012, aprobou provisionalmente a creación do Regulamento do servizo do pavillón municipal de deportes, publicouse no Boletín Oficial da Provincia en data 01.08.12 e estivo sometida a información pública polo prazo de 30 días hábiles e, dado que, non se presentou ningunha reclamación procédese de seguido á publicación do texto íntegro:

**REGULAMENTO DO SERVIZO DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES****ARTIGO 1º.—OBXECTO**

Constitúe o obxecto do presente a regulación do uso e disfrute do Pavillón Municipal de Deportes ó abeiro do disposto na Lei reguladora das Bases de Réxime Local e do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

**ARTIGO 2º.—FORMA DE XESTIÓN**

O servizo do pavillón de deportes e pistas deportivas municipais prestarase en réxime de xestión directa, sen prexuízo da colaboración ou iniciativa particular, que virá obrigada a axustarse ás prescricións que se establezan neste Regulamento e ás normas que, no seu caso, dite a Corporación Municipal.

**ARTIGO 3º.—DESTINO**

Como norma xeral, o pavillón de deportes destinarase á practica de toda clase de actividades deportivas, competicións e espectáculos de natureza deportiva ou de lecer, sen prexuízo de que poida ser utilizado ocasionalmente para a realización doutras actividades (artísticas, culturais, sociais ou de relevo para a comunidade).

**ARTIGO 4º.—ACTIVIDADES ÑAS INSTALACIÓNS**

En concreto o pavillón de deportes poderase empregar para os seguintes actos:

- Actividades, competicións e espectáculos deportivos que se axeiten ás características da instalación.
- Actividades e espectáculos de carácter mixto nos que os seus aspectos artísticos ou culturais excedan do estritamente deportivo.
- Acontecementos de natureza exclusivamente artística, cultural ou festiva. Actos públicos non incluídos en ningunha das liñas anteriores.

**ARTIGO 5º.—COMPETENCIA PARA A AUTORIZACIÓN DE ACTOS**

O Alcalde ou concelleiro delegado, será competente para resolver as solicitudes de autorización para os actos previstos no artigo anterior e para tramitar e impor ás sancións que correspondan por infraccións ás normas do presente regulamento.

**ARTIGO 6º.—ACCESO E DISFRUTE DO SERVIZO**

Tódolos cidadáns teñen dereito a acceder e usar as instalacións deportivas en condicións de igualdade, con suxeición ás normas que contén este regulamento e ás instrucións que na súa aplicación se ditén.

A utilización do servizo axustarase ás condicións da autorización e ós horarios aprobados.

**ARTIGO 7º.—MODALIDADES DE USO**

A utilización do pavillón de deportes e pistas deportivas municipais poderán efectuarse baixo as seguintes modalidades:

- a) Utilización con presenza de persoal municipal encargado.
- b) Utilización con entrega de chaves ó solicitante da actividade e sen presenza de persoal encargado.

*ARTIGO 8º.—OBRIGAS E RESPONSABILIDADES DOS USUARIOS*

1.—Os usuarios teñen a obriga de abona-las taxas establecidas ó efecto que devengue a utilización do servizo, colaborar no mantemento das debidas condicións de limpeza e hixiene das instalacións e respecta-las normas sobre o uso adecuado do equipamento e da moblaxe das mesmas.

2.—As avarías, danos ou perdas que se orixe no material ou nas instalacións como consecuencia da súa utilización impropia ou negligente darán lugar, por parte do seu autor ou autores, á responsabilidade que lles será esixida polo Concello de conformidade co que dispón o ordenamento xurídico. Todo isto sen prexuízo da sanción administrativa que proceda.

*ARTIGO 9º.—PROHIBICIÓNS*

1.—Está prohibido comer e fumar tanto na cancha de xogo como nas bancadas e vestiarios.

2.—Na cancha de xogo só se autoriza o consumo de bebidas de uso habitual na práctica deportiva.

3.—Nas bancadas e vestiarios autorízase o consumo de bebidas non alcohólicas en envases non ríxidos.

4.—É obrigatoria a utilización de vestimenta deportiva para o adestramento ou para práctica doutras actividades deportivas na cancha de xogo, en especial non se permitirá o acceso á cancha sen calzado deportivo.

5.—É obrigatorio o uso do material específico correspondente na práctica das distintas modalidades deportivas.

*ARTIGO 10º.—RÉXIME HORARIO DE UTILIZACIÓN DO SERVIZO E CALENDARIO DE UTILIZACIÓN*

Na fixación do calendario de utilización do pavillón de deportes serán observados os seguintes criterios:

- Durante o curso escolar e no período coincidente co horario lectivo será preferente o uso escolar.
- Terán preferencia na asignación de usos as escolas deportivas municipais, as actividades deportivas do deporte base ou calquera outra organizada polo Concello de Ponte Caldelas.
- O desenvolvemento de competicións oficiais, nas distintas modalidades deportivas e categorías, terán preferencia sobre outros usos, agás circunstancias excepcionais debidamente apreciadas polo órgano competente.
- Nas horas non asignadas en razón dos usos anteriores, no outorgamento da autorización de disfrute observarase a seguinte orde:
  1. Adestramento de equipos con enderezo social no Concello de Ponte Caldelas participantes en competicións oficiais.
  2. A utilización para actividades non deportivas enumeradas no artigo 4º.
  3. A utilización por asociacións e/ou colectivos veciñais con sede social no Concello de Ponte Caldelas e non federados.
  4. Restantes usos e cidadáns en xeral.

O Concello poderá introducir modificacións nos horarios aprobados cando razóns de interese público así o esixan.

*Franxas horarias:*

- Horario de inverno 09:30-11:00, 11:00-12:30, 12:30-14:00, 16:00-17:30, 17:30-19:00, 19:00-20:30, 20:30-22:00.
- Horario de verán 09:30-11:00, 11:00-12:30, 12:30-14:00, 16:00-17:30, 17:30-19:00, 19:00-20:30, 20:30-22:00, 22:00-23:30.

Estas franxas horarias son indivisibles.

O máximo de persoas que poden utilizar a cancha de xogo será a que marque o regulamento do deporte que practiquen.

*ARTIGO 11º.–SOLICITUDES E AUTORIZACIÓNS*

- a) As solicitudes para un uso continuado e que contén cun calendario previamente establecido deberán de ter entrada no Rexistro Xeral do Concello de Ponte Caldelas con data límite o 31 de decembro de cada ano. Estas solicitudes deberán de indicar:
- Solicitante.
  - Enderezo social.
  - Actividade a realizar.
  - Calendario previsto.
  - Horario de preferencia solicitado.
  - Persoas responsables da actividade.
  - Xustificante de abono da taxa correspondente.
- b) As solicitudes para un uso non continuado deberán de ter entrada cun mínimo de 48 horas de antelación á data de utilización do Pavillón. Estas poderán ser rexistradas polos diversos medios que o Concello de Ponte Caldelas estableza a tal efecto: teléfono, Rexistro de Entrada, vía telemática,... Deberán indicar:
- Solicitante.
  - Actividade a realizar.
  - Data e hora.
  - Persoa responsable da actividade e que deberá de depositar o Documento de Identidade no momento de retirada das chaves da instalación.
  - Xustificante de abono da taxa correspondente.
- c) No caso de solicitudes que non respecten esta orde temporal de reserva estarán suxeitos á dispoñibilidade puntual da instalación debendo de aportar ó persoal encargado os datos recollidos no punto anterior así como realiza-lo aboamento da taxa correspondente.

No caso de que unha actividade municipal coincida con outra xa programada, terá preferencia a actividade municipal, debendo poñelo en coñecemento do solicitante coa suficiente antelación para que proceda á modificación da actividade programada.

*ARTIGO 12.–RESPONSABILIDADES*

Cando a autorización para os disfrute dos servizos se outorgue a favor de clubs, entidades ou asociacións deportivas ou de calquera outra natureza ós que pertencen os autores de avarías, danos ou perdas que se causen ñas instalacións deportivas municipais son solidariamente responsables con eles mesmos. A mesma responsabilidade terán os particulares usuarios da instalación.

*ARTIGO 13.–INEXISTENCIA DE DEREITOS ADQUIRIDOS*

O outorgamento dunha ou varias autorizacións para o disfrute do servizo durante un período de tempo ou dunha determinada franxa horaria, de maneira regular, non comporta nacemento de ningún dereito adquirido.

*ARTIGO 14.–PERSOAL AUXILIAR*

Os clubs, entidades, asociacións deportivas ou de calquera outra natureza son responsables de que durante o desenrolo das actividades este presente o persoal auxiliar necesario que a actividade demande e que garanta que esta se poida levar a cabo nas adecuadas condicións de tranquilidade e seguridade para os participantes directos, acompañantes e público.

*ARTIGO 15.—PUBLICIDADE*

O clubs ou asociación ó que se lle permita a colocación de publicidade durante unha actividade deberá retirala unha vez finalice a mesma.

A colocación efectuarase nos lugares indicados ó efecto e levarase a cabo de maneira que non cause desperfectos na instalación.

*ARTIGO 16.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN*

As infraccións que se poidan cometer na utilización das instalacións serán calificadas como leves, graves ou moi graves.

- a) Serán infraccións leves aquelas que atenten contra o establecido no presente Regulamento, mentres non sexan calificadas como graves ou moi graves.
- b) Serán infraccións graves:
  - Reincidencia na comisión de infraccións leves nun período de seis meses.
  - Altercados e alborotos que perturben gravemente a realización das actividades en curso.
  - Ofensas e insultos ó persoal da instalación deportiva, xogadores, árbitros ou a calquera persoa que se atope na instalación.
- c) Serán infraccións moi graves:
  - Reincidencia na comisión de infraccións graves nun período de seis meses.
  - Agresións físicas ó persoal da instalación, ou persoal particular ó servizo das actividades que se desenvolvan na mesma, xogadores, árbitros ou calquera persoa que se atope.

As sancións serán impostas polo Alcalde.

Os tipos de contías a aplicar serán os seguintes:

- Infraccións leves: multa de 10 € e privación do dereito de acceder ás instalacións deportivas municipais durante 1 mes.
- Infraccións graves: multa de 30 € e privación do dereito de acceder ás instalacións deportivas municipais durante 3 meses.
- Infraccións moi graves: multa de 100 € e privación do dereito de acceder ás instalacións deportivas municipais durante 12 meses.

*ARTIGO 17.—ACCESO PÚBLICO ÁS ACTIVIDADES*

Os organizadores das actividades quedan obrigados a garantir o acceso público e gratuito ós espectadores de calquera actividade. Se nalgún caso se solicitara o uso da instalación para unha actividade de acceso non gratuito, a autorización deberá de ser por Resolución expresa da Alcaldía, satisfacendo en todo caso a taxa establecida a tal efecto.

*DISPOSICIÓN FINAL*

En todo o previsto neste Regulamento estarase ó disposto tanto no Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, como en calquera outra disposición con competencia na materia.

Este Regulamento entrará en vigor logo de que se publique enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia.

De conformidade co establecido nos artigos 10, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e 107.3 da Lei 30/92, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e o Procedemento Administrativo Común, contra o presente acordo, os interesados unicamente poderán interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partires do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Ponte Caldelas, 12 de setembro de 2012. — O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños.

**2012008792**